



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE VIOLÍN (Cuadrimestres VIII)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: <i>VIOLÍN (Cuadrimestres VIII)</i>											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO		Corda fretada (violín)	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE		<i>Individual</i>	
DEPARTAMENTO	Corda fretada – Sección bilingüe							XEFE/A DE DPTO.		Carolina Landriscini Marin	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII I	Horas de clase semanais:		
ECTS/CUAD.								12	Observacións:		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	Jorge García Rubio							jorgegarciarubio@gmail.com		Venres de 11:00 a 12:00	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público. Aprendizaxe dunha lingua estranxeira a través dunha disciplina non lingüística.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese intentar tamén relacionar co resto das materias do currículo.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T5, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1.-Desenrolar autonomía progresivamente na resolución de problemas técnicos no estudo individual.	T1-T2-T3-T6-T15-X8-X21-X24
2.-Adquirir progresivamente a facultade de interpretación de obras de diferentes estilos sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	T1-T2-X1-X11-X21-EI1-EI2-EI5
3.-Ter a capacidade de actuar en público con seguridade e control da situación.	T13-X6-EI1-EI4-EI10
4.-Interpretar en público un programa acorde co nivel amosando capacidade comunicativa e calidade artística.	T13-X3-X6-X13-X21-EI1-EI2-EI4-EI5-EI10
5.-Participar en todas as actividades propostas polo departamento de corda ou a directiva do centro, como implicación pedagóxica e educativa.	T17-EI6
6.- Comprender e expresarse fluidamente en inglés como lingua vehicular da disciplina.	T5

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
TEMA 1- Disposición corporal	1.1-Posición do instrumento e do arco: Control muscular e técnicas de relaxación. 1.2-Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces. 1.3- Identificación, diagnóstico de problemas e procura de solucións.	1/6 parte de todas as sesións
TEMA 2- Man esquerda	2.1-Desenvolvemento da velocidade dos dedos da man esquerda. 2.2-Perfeccionamento do traballo das posicións da man esquerda e os seus cambios. 2.3-Dobres cordas e acordes de tres e catro notas, traballo da polifonía no instrumento. 2.4-Traballo sobre o vibrato para empregalo como un recurso expresivo apropiado a cada contexto musical.	1/6 parte de todas as sesións
TEMA 3- Man dereita	3.1-Perfeccionamento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son. 3.2-Coñecemento e perfeccionamento dos distintos golpes de arco como elementos de expresión musical. 3.3-Profundización no estudo das dinámicas, da precisión na realización das diferentes indicacións que a elas se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes. 3.4-Dobres cordas e acordes de tres e catro notas, traballo da polifonía no instrumento. 3.5-Perfeccionamento do control do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile).	1/6 parte de todas as sesións
TEMA 4- Parámetros estilísticos e de técnica instrumental	4.1- Interpretación de obras do repertorio do instrumento de dificultade acorde con este nivel académico. 4.2-Selección e dominio progresivo de exercicios e estudos útiles para o desenvolvemento da capacidade musical e técnica do alumno. 4.3-Desenrolo da comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis de xerarquía: motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc. para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva. 4.4-O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. 4.5-Desenrolo da capacidade de autodixitación e arqueo. 4.6-Desenvolvemento do hábito da autocrítica.	1/6 parte de todas as sesións
TEMA 5- Traballo individual e da memoria.	5.1-Adestramento permanente e progresivo da memoria. 5.2-Estratexias para estimular e desenrolar a concentración. 5.3-Mellora do estudo individual para a obtención de resultados eficaces e satisfactorios. 5.4-Traballo sobre a comprensión e memorización da obra a interpretar.	1/6 parte de todas as sesións
TEMA 6 – Desenrolo do inglés	6.1- Adquisición paulatina do vocabulario musical en inglés. 6.2- Mellora na fluidez e eficacia comunicativa xeral en inglés.	1/6 parte de todas as sesións
TOTAL SESIÓNS:		16



5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases individuais: 16 clases para traballar os contidos do cuadrimestre de 1.5 h cada unha coa preparación por parte do /a alumno/a de 9 h, empregando como lingua vehicular o inglés.	16	112	128
Exames cos profesores da materia: Formará parte das audicións ou exames propostos para interpretar obras do cuadrimestre.	2	113	115
Audición ou audicións de departamento: Un 50% do alumnado participará (elixido polo profesor por méritos), como intérprete, na audición do departamento que se realizará nos últimos 10 días do cuadrimestre. Cada alumno/a interpretará un movemento dalgunha das obras do repertorio a traballar coa asistencia e valoración dos profesores/as do departamento de corda.	2	113	115
Outras actividades (clases colectivas, conferencias, clases maxistras, ...)	2	0	2
TOTAL HORAS:			360H = 12 ECTS

6. AVALIACIÓN NO CENTRO DE ESTUDOS

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Actitude	Valorarase a participación en inglés e predisposición na hora de clase.	T2, X1, EI6	5%
Estudo individual	Consecución dos obxectivos a través da preparación e interpretación do repertorio de obras e estudos asignado polo profesor en función do programa para cada cuadrimestre (ver Anexo I).	T1, T3, T6, T15, X8, X21, X24, EI2,	15%
Exames	Avaliarase a interpretación do repertorio asignado atendendo a parámetros técnicos e musicais segundo o criterio colexiado do profesorado da materia. Esixirase a interpretación de a lo menos parte do repertorio de memoria.	T13, X3, X6, X11, X13, EI1, EI4, EI5, EI10	25%
Audicións	Avaliarase a interpretación do repertorio asignado atendendo a parámetros técnicos e musicais segundo o criterio colexiado do departamento. Esixirase a interpretación de a lo menos parte do repertorio de memoria.	T13, X3, X6, X11, X13, EI1, EI4, EI5, EI10	50%
Actividades do departamento	Participación nas actividades ordinarias e complementarias do departamento.	T2, T17, EI6	5%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Recital/Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio asignado atendendo a parámetros técnicos, musicais e lingüísticos segundo o criterio colexiado do departamento. Esixirase a interpretación de a lo menos parte do repertorio de memoria.	T1, T2, T3, T5, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)			
*(Alumnos que superen as tres faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			
Recital/Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio asignado atendendo a parámetros técnicos, musicais e lingüísticos segundo o criterio colexiado do departamento. Esixirase a interpretación de a lo menos parte do repertorio de memoria.	T1, T2, T3, T5, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			



6.1.2. AVALIACION ORDINARIA (ADELANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio asignado atendendo a parámetros técnicos, musicais e lingüísticos segundo o criterio colexiado do departamento. Esixirase a interpretación de a lo menos parte do repertorio de memoria.	T1, T2, T3, T5, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10	Mesmos porcentaxes de ponderación que a avaliación ordinaria
6.2.2 CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA)			
Exame	Avaliarase a interpretación do repertorio asignado atendendo a parámetros técnicos, musicais e lingüísticos segundo o criterio colexiado do departamento. Esixirase a interpretación de a lo menos parte do repertorio de memoria.	T1, T2, T3, T5, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10	100%
Observacións: Os alumnos que opten a Matrícula de Honra interpretarán unha obra obrigada (ver anexo II) ante un tribunal formado por profesores deste Departamento.			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>



8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

REFERENCIAS BÁSICAS:

Exercicios e libros de técnica:

FLESCH, C. Scale System. Carl Fischer
GALAMIAN, I. Contemporary violin technique. Galaxy Edition
GRIGORIAN, A. Scales and Arpeggios for violin. Moscow Muzyka
SCHRADIEK, H. School of violin technics. G. Schirmer, Inc.
SEVCIK, O. Sevcik violin studies. Bosworth

...

Coleccións de estudos/caprichos:

CAMPAGNOLI, B. Seven divertissements for violin, op. 18. Carl Fischer
DANCLA, C. Twenty Brilliant and Characteristic Etudes, op. 73. Edwin Kalmus
DONT, J. 24 Etudes or Caprices, op. 35. International Music Company
GAVINIES, P. 24 Etudes pour Violon (Les 24 Matinéés). PWM Edition.
KREUTZER, R. 42 Studies and Caprices. G. Schirmer, Inc.
LOCATELLI, P. L'arte del violino, 25 capricci. Ricordi
MAZAS, J.F. Etudes spéciales, op. 36. International Music Company
PAGANINI, N. Caprices and etudes for solo violin. Dover Chamber Music Scores
POLO, E. 30 Double chord studies violin method. Ricordi
RODE, P. 24 Caprices for violin. International Music Company
WIENIAWSKI, Etudes, Caprices, op 10. International Music Company
WIEUXTEMPS, H. 32 Etudes op. 48. EMB

...

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS:

BOYDEN, D. D. The history of violin playing from its origins to 1761: and its relationship to the violin and violin music. Clarendon Paperbacks. OUP. New York, 2002
CLAUDIO, J. El arte del violín. Ediciones musicales Mega. Torrejón de Ardoz, 1999
CORRETTE, M. L'art de se perfectionner dans le violon.
FISCHER, S. Basics. Edition Peters. London, 1997
FISCHER, S. Practice. Edition Peters. London, 2004
GALAMIAN, I. Interpretación y enseñanza del violín. Ediciones Pirámide. Madrid, 1998
MENUHIN, Y. Seis lecciones con Yehudi Menuhin. Real Musical. Madrid, 1987
MOZART, L. Escuela de violín. Editorial Arpeggio, 2013
PASQUALI, G e PRÍNCIPE, R. El violín. Manual de cultura y didáctica violinística. Ricordi americana, 2007.
PORTA, E. Il violin nella storia. I manuali EDT.
STOWELL, R. The Cambridge Companion to the violin. Cambridge University Press. Cambridge, 1996

9. OBSERVACIÓN

Debido ao carácter progresivo da materia e tendo en conta as necesidades individualizadas dos alumnos e alumnas (físicas, técnicas e musicais) e a súa experiencia, o repertorio, exercicios e estudos a traballar cos contidos e competencias descritas, serán individualizados.